



CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN CARLOS CASARES PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS

Dunha parte, Román Rodríguez González, actuando en representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura e Turismo, para o que foi nomeado polo Decreto 97/2018, do 26 de setembro de 2018, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, Hakan Olof Casares Berg, con DNI 36143208-L, na súa condición e co cargo de administrador da Fundación Carlos Casares, CIF G36907244, actuando en nome e representación da entidade.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e,

EXPOÑEN:

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería de Cultura e Turismo vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura e Turismo quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega; mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.





Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levadas a cabo por entidades que a queren dar a coñecer, mediante a súa promoción dentro e fora do noso país, coa organización de actividades que permitan un maior coñecemento dela.

A Fundación Carlos Casares naceu en 2002 coa pretensión de constituír unha instancia para a reflexión sobre a sociedade e a cultura na que vivimos, e co propósito de se manter sempre ao servizo de Galicia e dunha convivencia democrática baseada no pluralismo, o debate libre e o diálogo aberto co mundo.

A Fundación ten como obxectivos:

- Velar polo estudo e a difusión da obra literaria de Carlos Casares, así como pola preservación e a continuidade da súa biblioteca, o seu arquivo e as súas coleccións.
- Promover e difundir o legado do escritor no que se refire ao desenvolvemento cívico, social e cultural de Galicia, propiciando unha cultura cidadá que teña como eixes principais a comunicación, o diálogo e mais a tolerancia.
- Constituírse como entidade mediadora entre a cultura galega e a cultura universal desde criterios de apertura, pluralismo e respecto á diversidade cultural.
- Realizar toda clase de actividades que contribúan ao proceso de normalización lingüística e cultural de Galicia, especialmente naquelas áreas vinculadas á vida e á obra de Carlos Casares.

A Fundación Carlos Casares ten previsto para este ano a realización das II xornadas “Videoxogo, realidade virtual e literatura. Unha mirada transversal”; a oferta, asistencia e apoio cultural a entidades. Difusión da figura de Carlos Casares; a mediateca de actividades culturais da Fundación.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións





O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Fundación Carlos Casares para a realización de actividades culturais

Actuacións prevista para 2020:

1. Xornada “videoxogo, realidade virtual e literatura. Una mirada transversal”. Custo: 7.300 €

Na procura dos novos límites “transmedia”, a Fundación Carlos Casares desenvolverá unha segunda edición dunha xornada, en que se analizará o sector cultural relacionado coa industria creativa do videoxogo dende diversas perspectivas culturais: empresa, guión, música, ilustración, tradución, asociacionismo, educación, novos creadores, vínculos co sector audiovisual... A mirada transversal dos axentes implicados no sector achegará aos asistentes os contactos entre a literatura e o videoxogo en Galicia. Dentro desta xornada presentárase un libro trasmedia, e tamén se preparará, un espazo para a exhibición das últimas novidades da industria cultural do videoxogo en Galicia. Ademais o MUVI (Museo do Videoxogo de Cangas) establecerá unha exposición no anexo do MARCO sobre a relación dos videoxogos e a literatura nos seus 40 anos de historia conxunta. Están establecidos, ademais, dous concursos relacionados coa arte e a cultura: un Game Jam e un concurso de Pixel Art, ambos sobre temas relacionados con Carlos Casares.

2. Oferta, asistencia e apoio cultural a centros escolares, asociacións culturais e outras entidades. Apoio a investigadores para estudos relacionados con Carlos Casares. Custo: 3.000 €

2.1. Oferta cultural, asistencia e apoio a centros escolares, asociacións culturais e outras entidades.

Oferta ás distintas entidades (centros escolares, asociacións, centros galegos, entidades locais, etc.) de todo o apoio tanto documental como expositivo e organizativo da Fundación Carlos Casares para a realización de actividades culturais. Entre estas destacan:

- Exposición “*O Principiño* ao redor do mundo” (mostra da colección de Principiños)
- Exposición “As caras dos libros” (deseño de cubertas e a historia do deseño do libro en Galicia).
- Outras exposicións e mostras relacionadas coa LIX (na colección Árbore), coa fotografía (“Carlos Casares e a fotografía”), coa literatura galega e a súa internacionalización (mostra “As viaxes da fala”), etc.
- Outra oferta de actividades, como conferencias, faladoiros, roteiros culturais, etc.





2.2. Asistencia e apoio a investigadores praa estudos relacionados con Carlos Casares.

Colaboran, mediante labores de busca, tratamento e envío de información e documentación textual e gráfica, aos investigadores institucionais e privados, firmas editoriais, periódicos e empresas interesadas na figura e na obra do escritor.

Ademais de material textual e documental, a Fundación Carlos Casares tamén apoiará a estas entidades e particulares no desenvolvemento de actividades culturais relacionadas co escritor mediante a colaboración conxunta, realizando labores de mediación cultural entre creadores de contidos e entidades peticionarias de actividades, con apoio loxístico e económico da Fundación.

2.3. Labores de catalogación do arquivo persoal de Carlos Casares.

O persoal colaborador da Fundación Carlos Casares seguirá coa ordenación e catalogación do arquivo persoal do escritor, completando esta tarefa cunha cronobiografía completa e descritiva, a descrición do arquivo categorizado segundo a clasificación arquivística de arquivos persoais e outras tarefas e publicacións que se poidan emprender ao respecto, como por exemplo unha bibliografía exhaustiva e detallada do escritor.

3. Mediateca de actividades culturais da Fundación Carlos Casares. Custo: 1.700 €

Durante 17 anos, a Fundación Carlos Casares leva desenvolvendo un labor cultural que xerou gran cantidade de información en formato sonoro e audiovisual. É intención da entidade crear unha sección web na que se empecen a dixitalizar e publicar un gran número de intervencións de enorme interese para a cultura e a sociedade de Galicia en actividades pasadas da entidade como os “Encontros de Mondariz-Balneario”, “Diálogos Literarios de Mariñán”, “Curso de Medios Audiovisuais de Celanova”, “Vigo: nós e a cidade”, “Galicia Internacional”, “Xornadas sobre Ramón Piñeiro”, etc. Na medida do orzamento asignado e da selección de vídeos, farase unha dixitalización de material audiovisual e sonoro en formatos físicos (DVD, CD, cintas VHS e cassettes...) para a súa incorporación nunha mediateca de actividades da Fundación Carlos Casares.

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto se trata de actividades únicas e de especiais características, que soamente poderán levarse a cabo pola Fundación Carlos Casares. Trátase dun referente único e exclusivo en Galicia.





Por todo o anterior é a Fundación Carlos Casares a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Con data 30 de abril de 2020 o Consello da Xunta de Galicia acordou aprobar o Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados do Covid-19. As actuacións que se recollen neste convenio encaixan dentro do eixe 2 *“mantemento do emprego cultural”* medida: *“axudas para o fomento e dinamización da cultura”*.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Políticas Culturais para o ano 2020, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

SEGUNDA.- Obrigas da Fundación Carlos Casares

A Fundación Carlos Casares comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A Fundación deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A Fundación ten a obriga de prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

De acordo co artigo 38.3 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e co artigo 37.5 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, con anterioridade á sinatura do convenio, será requisito indispensable atoparse ao día no cumprimento das obrigas de presentación das contas do padroado, o cal se acreditará cunha declaración responsable do órgano competente da entidade.





A Fundación deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura e Turismo para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

De acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a Fundación deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria, sinaladas nos apartados 2 e 3 do citado artigo. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.

A Fundación comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura e Turismo poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

TERCEIRA.- Financiamento

A Consellería de Cultura e Turismo comprométese a aboar a cantidade de 12.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 11.20.432B.781.1, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, código de proxecto 201500372.

Esta cantidade, 12.000 €, trátase dun importe certo, quedando por conta da Fundación a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actuación, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio fixado na cláusula primeira (12.000 €), a achega da Consellería de Cultura e Turismo diminuírase proporcionalmente.





No caso de que a Fundación solicite pagamentos anticipados segundo o disposto no artigo 63.1.2 do Regulamento de subvencións de Galicia, poderán concederse anticipos ata o 50% do importe da subvención concedida, que neste caso será de 6.000 € como máximo.

A Fundación tamén poderá solicitar pagos á conta, artigo 62 do Regulamento de Subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto dos pagos á conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá exceder do 80%, ou sexa 9.600 €.

O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se prevexa a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; o artigo 65.4.i) recolle que quedarán exonerados da constitución de garantía os beneficiarios das subvencións concedidas cando os pagamentos non superen os 18.000 €.

No caso de que a Fundación solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

CUARTA.- Xustificación dos gastos

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 15 de decembro de 2020.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

A Fundación presentará electronicamente a xustificación da subvención, coa data límite de 15 de decembro de 2020 e incluírá a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:





- ✓ Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento.
- ✓ As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.
- Unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

No caso de que a entidade concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto do convenio, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2020, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que a Fundación non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtivo sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

QUINTA.- Comisión de Seguimento





Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo director xeral de Políticas Culturais, da Consellería de Cultura e Turismo e polo administrador da Fundación.

SEXTA.- Causas de resolución

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando conorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SÉTIMA.- Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Fundación Carlos Casares acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

OITAVA.- Xurisdición

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.





Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

NOVENA.- Vixencia

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2020, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2020.

DÉCIMA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas cláusulas.

O conselleiro de Cultura e Turismo

Román Rodríguez González

O administrador da Fundación Carlos
Casares

Hakan Olof Casares Berg

